

PLAN DE CONVIVENCIA (PC)

COLEXIO LA SALLE

2025-26



*Revisado pola Comisión de Convivencia do centro no 24-25
Pendente de adscrición ao Programa Centros Seguros de Referencia de UNICEF (decembro 2025)
e posterior presentación ao Consello Escolar (xaneiro 2026)*



PLAN DE CONVIVENCIA (PC)

COLEXIO LA SALLE

2025-26

Revisado pola Comisión de Convivencia do centro no 24-25

*Pendente de adscrición ao Programa Centros Seguros de Referencia de UNICEF (decembro 2025)
e posterior presentación ao Consello Escolar (xaneiro 2026)*

Índice

1. Contextualización e xustificación do Plan de Convivencia.	3
1.1. Características do centro e do seu contorno.	3
1.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.	4
2. Análise da situación	8
2.1. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades da contorna.	8
2.2. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.	8
2.3. Propostas de Mellora.	9
3. Obxectivos específicos, indicadores e accións do plan de convivencia.	11
3.1. Principios de actuación e obxectivos específicos.	11
3.2. Actuacións, medidas e programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia.	11
3.3. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.	16
4. Procedemento de seguimento do plan.	19
5. Procedemento de avaliación e de concreción de propostas de mellora do PC.	19
6. Estratexias para realizar a comunicación e a difusión do plan de convivencia.	20
7. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.	21
8. Normas de convivencia do centro. Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa con respecto á convivencia escolar.	22
9. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no decreto en desenvolvemento da lei 4/2011 e decreto 8/2015, de 8 de xaneiro. Normativa aplicable.	22
10. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación.	23
11. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.	24

1. Contextualización e xustificación do Plan de Convivencia (PC)

1.1. Características do centro e do seu contorno

a) Situación xeográfica do centro e características socio-culturais do alumnado

O colexio La Salle, emprazado na localidade de Santiago de Compostela, sitúase Praza de San Xoán Bautista de La Salle, nº1, moi próxima ao centro histórico da cidade. A súa localización fai deste un centro moi ben comunicado no que se refire a medios de transporte e servizos, incluídos outros colexios.

Neste colexio impártense todos os niveis, desde 4º de Educación Infantil ata 2º de Bacharelato, acollendo actualmente a máis de 1300 alumnos.

A procedencia sociocultural destes varía segundo as etapas educativas, de tal xeito que os alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO pertencen á clase media mentres que os alumnos dos últimos niveis como Bacharelato pertencen á clase media-alta. Os pais destes últimos teñen maior nivel de estudos, xa que a maioría superou os estudos medios e unha parte importante deles os estudos superiores. O que non significa que non existan tamén familias cun baixo nivel sociocultural.

b) Infraestrutura material


O centro La Salle, dotado dunha infraestrutura moderna e funcional, ten unhas dimensións moi grandes, o que imposibilita que todas as aulas teñan próximos certos servizos educativos (aulas de tecnoloxía, laboratorios, aula de música...). Isto obriga a algúns cursos e profesores a desprazarse, segundo os casos, unha ou varias plantas para impartir a materia correspondente. Ditos desprazamentos levan a que en momentos puntuais haxa rúidos nos corredores, a que o profesor invista máis tempo en chegar a clase quedando os alumnos sós, etc., afectando ao nivel de atención.

Esta situación, actualmente, contrólase a través das normas de convivencia contempladas no RRI do centro, sendo cada curso obxecto de mellora, a pesar da dificultade que supón polas características espaciais do centro.

1.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia

1.2.1. Estrutura, organigrama e funcionamento do centro no relacionado coa convivencia

A Comisión de Convivencia será a encargada de transmitir aos titores, a través das Xefaturas de Estudos e do Departamento de Orientación, as temáticas relevantes para a convivencia que deben ser tratadas nos PAT (Plan de Acción Titorial) elaborados por estes: resolución de conflitos, asertividade, autoestima, adicións, igualdade, etc.



1.2.2. Marco lexislativo e normativa do centro

a) Carácter Propio

O Carácter Propio é un documento onde se plasman os sinais da identidade das institucións educativas lasalianas e recolle os principios que dan sentido á nosa misión de educadores. Entre eses principios, está a proposta da educación en valores, para que alumnos e alumnas adopten unha actitude positiva, libre e decidida, de modo que consigan orientar as súas vidas con pleno sentido.

Así, a comunidade lasaliana persigue, en relación con este plan:

1. Estimular a convivencia: Impulsar a aceptación mutua, o traballo en equipo, as relacións fraternas, o respecto das opinións e de toda crenza, idea ou costume. Nunha sociedade multi-cultural e multi-relixiosa, dáse especial importancia a aspectos tales como: o respecto á diversidade e singularidade das persoas, a participación no exercicio democrático, o crecemento

da amizade e o aprecio da propia cultura como fonte de enriquecemento persoal e de grupo, nunca como causa de exclusión.

2. Promover a xustiza: Coidar de modo especial que os alumnos e alumnas aprendan xuntos a tomar conciencia das inxustizas sociais e a comprometerse en favor dunha sociedade máis xusta e fraterna. Quérese insistir na importancia da paz, os Dereitos do Neno e a cooperación desinteresada para o logro do ben común. Favorecer, tamén, os procesos de adquisición de hábitos e actitudes de servizo, de axuda gratuíta e de adhesión a proxectos solidarios por medio do voluntariado.

b) Base legal da organización da convivencia

- **RRI do colexio**, no seu título V sobre a Convivencia no centro escolar.
- **LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**:
 - a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
 - b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
 - c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
 - d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 - e) A co-responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
 - g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
 - h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**:
 - a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
 - c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
 - d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
 - e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
 - f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
 - g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
 - h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
 - i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.
- **A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia**, no capítulo IV do título III dedicado ao ámbito educativo.
 - **A Lei 5/2024 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas**, que supón diversos cambios en lexislación anterior:
 - a) Modifícase o artigo 44 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - b) Modifícase as competencias que recolle o artigo 7 do Decreto, sobre competencias do claustro do profesorado. En concreto, establece que a Dirección do centro designará entre o profesorado a persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia, e especifica as funcións desta persoa coordinadora, que se agrupan en tres apartados: en coordinación co Equipo Directivo, en coordinación co Departamento de Orientación, e en coordinación coas ANPAS.
 - c) Modifícase a estrutura do Plan de Convivencia, engadindo novos contidos e especificando documentos que formarán parte do plan de convivencia, como por exemplo o Protocolo de Acoso, as Normas de Convivencia, as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan (que xa formaban parte das normas de convivencia por imperativo do artigo 19 do Decreto) e outras.

- d) Establécese unha nova redacción no apartado 4 do artigo 19, que prohibe a utilización de teléfonos móbiles, especificando o que se consideran períodos non lectivos (nos que tamén está prohibido o seu uso).
- e) Modifícase o número 7 do artigo 37 do Decreto nun aspecto importante sobre prazos para corrixir condutas gravemente contrarias á convivencia: no caso da tramitación dun procedemento corrector de condutas tras a finalización dun Protocolo que poña de manifesto unha situación de acoso ou ciberacoso escolar, o prazo máximo de 12 días lectivos (prazo para a tramitación do procedemento corrector) comezará a contarse desde que finalice o período de información previa que deberá abrirse neste suposto, consonte o disposto no artigo 47.1 do Decreto.
- f) Para os casos de acoso ou ciberacoso, modifícase o número 1 do artigo 47 do Decreto: “No suposto de condutas que puideren constituír acoso ou ciberacoso escolar, a Dirección do centro deberá abrir un período de información previa para esclarecer os feitos e determinar, se é o caso, a pertinencia de abrir o procedemento corrector. Nestes casos o prazo máximo para este período de información previa será de sete días lectivos, contados desde que a Dirección reciba a comunicación da presunta situación de acoso ou ciberacoso escolar». Esta nova regulación supón, na práctica, que a verificación ou acreditación da existencia de condutas que constitúan acoso ou ciberacoso deberá ter lugar nun prazo de sete días lectivos, o que limita a ese prazo a tramitación do Protocolo de Acoso. E unha vez acreditada a conduta, a tramitación do procedemento corrector de condutas tramitarse nos seguinte doce días lectivos. Polo que a tramitación dun protocolo de acoso seguido da tramitación dun procedemento corrector de condutas por acoso ou ciberacoso deberá resolverse no prazo de 19 días lectivos, contados desde a comunicación ou denuncia recibida na dirección.
- g) Engádese ao Decreto unha Disposición Adicional Décima, na que se recolle que as normas recollidas neste decreto conformarán as “Normas de organización, funcionamento e convivencia”, en diante, NOFC. Trátase dun cambio puramente nominal.

2. Análise da situación

2.1. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos.

En xeral, as relacións dentro dos estamentos e entre eles son harmónicas e o centro é percibido como seguro e tranquilo, inda que existan conflitos entre os axentes educativos por mor dos cambios nos valores de convivencia da sociedade. Mellorouse a participación de alumnos a través do Consello de Alumnos, o que repercute tamén nunha mellora da percepción do ambiente de centro. As familias, o persoal de administración e servizos e o profesorado participan no goberno do centro tal e como recolle a lexislación.

2.2. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

O número de conflitos é relativamente baixo. No curso 2023-2024 abríronse un total de 23 expedientes por falta grave na ESO e Bacharelato. Os motivos máis frecuentes son os relacionados con uso inadecuado de redes sociais, como envíos de pornografía, cyberbullying, difundir fotos de compañeiros ou profesores con comentarios. Tamén houbo tres procedementos por acoso en Secundaria.

Por primeira vez houbo unha falta grave por furto que acabou nos tribunais. Outros 2 casos con consecuencias xudiciais implicaron a alumnos do colexio e outros colexios.

Con respecto ás faltas leves que foron obxecto de sanción con expulsión da aula ou do centro o motivo máis frecuente foi o uso do teléfono móbil sen permiso.

A maior parte das sancións polo que chamamos faltas leves 1: expulsión momentánea da aula, retrasos reiterados, mal comportamento... saldáronse coa perda de parte do recreo durante 1 ou máis días coa tarefa de reflexionar por escrito sobre cal é o comportamento alternativo correcto.

2.2.1. Percepción dos alumnos sobre a convivencia escolar

Coñecer o estado da convivencia no colexio é un paso imprescindible para levar a cabo calquera intervención. Por este motivo, o presente plan baséase nos resultados da enquisa de convivencia, levada a cabo pola Xunta de Galicia no curso 2018-19. Foi aplicada aos cursos de 5º de Primaria ata 4º de ESO, así como aos profesores de todas as etapas educativas, familias e persoal de administración e servizos; permitiu:

- Identificar os tipos de violencia que percibe o alumnado.
- Establecer os contextos dos posibles conflitos entre o alumnado.
- Identificar a percepción que teñen os distintos axentes educativos sobre o clima de convivencia no centro.
- Determinar os procedementos de resolución de conflitos que adoitan utilizar.

2.2.2. Conclusións do estudo

A situación da convivencia no centro é satisfactoria. Non hai ningunha situación grave xeneralizada; máis dun 80% do alumnado está satisfeito co centro e as dificultades que teñen lugar xorden como consecuencia das relacións naturais entre os membros.

Sobre os aspectos con peor percepción: no **coidado dos materiais e instalacións**, un 66% dos alumnos ata 4º da ESO din que se rouban materiais, píntanse mesas e paredes... o 73% está de acordo en que se tira lixo ao chan, o 44,5% que non se respectan as cousas dos demais... En xeral cren que manifestan **condutas positivas**, aínda que un 14,6% cre que nunca ou poucas veces se fan as tarefas, se axuda aos compañeiros, se atende ás explicacións, se obedece aos profesores... e un 25,7% que nunca ou poucas veces se evita que traten mal aos demais. Arredor dun 18% dos alumnos cre que moitas ou bastantes veces se producen **condutas negativas** como mentir, contar rumores, molestar ao profesorado, chegar tarde á clase, etc.

En canto ás **situacións de igualdade e inclusión**, un 17,2% do alumnado cre que nunca ou poucas veces se dan. Case un 21% manifesta ter padecido faltas de respecto, agresións... desa porcentaxe, tan só un 21% pide axuda a algún adulto (habitualmente á familia); un 20,8% deféndese atacando. Ese tipo de comportamentos lévanos a cabo, de forma xeral, alumnos do mesmo curso. En cambio, tan só un 6,7% afirma ter cometido algunha conduta dese tipo.

Os **conflitos** danse en maior medida no recreo, seguidos dos intercambios de clase e do comedor en terceiro lugar. Onde menos teñen lugar é no transporte escolar, nos baños e nas clases.

Cando se dá algún problema, a maior parte do alumnado resólveo falando entre as persoas implicadas e co apoio dos profesores; nun 43% dos casos a través dunha sanción. No que se refire aos alumnos sancionados, un 44% foi botado de clase no último curso e arredor dun 27% tivo que falar coa Xefatura de Estudos ou a Dirección; un 39% quedou algún día sen recreo e un 22% tivo que facer unha reflexión sobre o seu comportamento.

Por último hai que destacar que sobre un 12% do alumnado afirma non dar a opinión sobre as decisións da aula ou do centro porque non lla piden e outro porcentaxe similar cre que non lles farán caso.

En 2023 a administración educativa pasou unha nova enquisa que actualizaría estes datos. Desgraciadamente, aínda non dispoñemos dos resultados.

2.2.3. Propostas de mellora

1. Aplicar con unha periodicidade anual o instrumento de nominación entre iguais e/ou sociométricos en 4º, 6º de primaria e 1º de ESO (en xeral, nos cursos nos que se reorganizan os grupos).
2. Actualizar o RRI (que inclúe as actuais NOFC) e o Plan de convivencia coas novas esixencias legais. Facer públicos estes documentos.

3. Incorporar os resultados das enquisas de convivencia do curso 2022-2023 para adaptarnos á situación actual na medida do posible, así como a información da que dispón a Comisión de Convivencia (hai que agardar a que a Consellería envíe os resultados).
4. Diseñar un Programa de Mediación Escolar entre iguais.
5. Manter o Programa de Modificación de Conduta recollido no RRI. Seguir aplicando as medidas de reflexión nos casos de faltas leves 1.

3. Obxectivos, indicadores e accións do PC

3.1. Principios de actuación e obxectivos específicos

O Plan de Convivencia apóiase en dous **principios de actuación** que guiarán o traballo:

1. Implicar a todos os sectores da comunidade educativa (profesores, familias, alumnado, PAS) na difusión, aplicación e seguimento do Plan de Convivencia.
2. Promover actitudes e comportamentos en todos os membros da comunidade educativa que manteñan e fomenten a boa convivencia educativa.

Estes principios básicos concréntanse nos seguintes **obxectivos**:

1. Ter un marco de referencia claro para previr e resolver posibles conflitos de convivencia.
2. Fomentar un clima socio-afectivo agradable que permita o desenvolvemento individual e as relacións sociais.
3. Potenciar o respecto mutuo e a comprensión como base fundamental para a socialización e integración dos individuos da comunidade educativa.
4. Concienciar a todos os membros da Comunidade Educativa da súa responsabilidade común ante a convivencia escolar.

3.2. Actuacións, medidas e programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia

3.2.1. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por 1ª vez no centro (Obx. 2).

Estas actividades de acollida tamén se aplican para as súas familias, deben facilitar o coñecemento do Colexio e das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

As familias dos alumnos que se incorporan en educación infantil e educación primaria, terán información xeral sobre as características do centro e as normas de convivencia nunha reunión que se celebrará a tal efecto no mes de xuño anterior ao inicio de curso. Os alumnos serán informados polo seu titor/a de ditas normas. Os alumnos que se incorporan na ESO ou bacharelato, procedentes de centros non adscritos terán, ademais das actividades xerais de coñecemento e definición das normas de grupo, unha entrevista co titor/a e/ou o orientador de etapa onde se lle indicarán as axudas coas que pode contar no caso de percibir dificultades de relación.

3.2.2. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación (Obx. 2).

As actividades de sensibilización estarán dentro do programa do Plan de Acción Titorial (PAT). Dentro deste Plan tamén se contemplan as actividades de prevención que se acordan co programa director de seguridade nos centros. Dentro dese plan, temos charlas dirixidas aos alumnos de 5º e 6º de primaria e de 1º de ESO e 1º de Bacharelato. Tamén se utilizan reflexións da mañá para esta sensibilización así como a cartelería ao respecto que Pastoral pon nos corredores.

3.2.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero (Obx. 3).

As actividades estarán relacionadas dentro do PAT. Tamén o resto de actividades de prevención se levarán a cabo incorporando a perspectiva de xénero. Coidarase o equilibrio de sexos na composición de grupos, na composición dos consellos de clase e en todos os órganos de representación do centro (E.D., CCP, Comisión de Convivencia....). O Plan de Igualdade do Colexio desenvolve as accións relacionadas con este obxectivo.

3.2.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social (Obx. 3).

Estas actividades están contempladas en titorías específicas como a de dereitos humanos (PAT). Dedícanse reflexións da mañá a este tema.

3.2.5. Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores (Obx. 3).

En Educación Infantil os recreos teñen lugar en distintos espazos e tempos para os distintos cursos e sempre baixo vixilancia directa das súas profesoras. En Ed. Primaria estarán presentes nos espazos de recreo dos alumnos un de cada 3 profesores. En ESO e Bacharelato dúas persoas estarán nos baños do patio e entrada do pavillón. Se chove: baño e pavillón. As outras dúas estarán nos campos do patio. Se chove: dársena e arcadas. Os Xefes de Estudo ocúpanse de revisar os corredores e outro profesor no portalón do patio. As Xefatura de Estudos farán pública a relación de profesores que estará de vixilancia cada semana.

3.2.6. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

- Posta en coñecemento das normas de convivencia e sancións polas que se rexe o centro (expostas no Regulamento de Réxime Interior-RRI); estas están fisicamente nas aulas así como colgadas na aula virtual (*Sallenet*) e na páxina web do centro ao alcance do alumnado, familias, profesores e PAS. Tamén deben ter ao seu dispor a normativa da clase, que se establece xunto ao titor/a ao comezo do curso.

- Seguimento da Comisión de Convivencia da aula. Esta comunicaría as incidencias aos titores. En xeral, tal e como mencionan os alumnos na enquisa, a información sobre os conflitos non chega aos titores en primeiro lugar en moitas ocasións.
- Mantemento do Proxecto de Aprendizaxe Cooperativa, orientado ao fomento da construción do coñecemento do alumno dentro dun equipo de traballo colaborativo e non competitivo. Este proxecto foi derivando no actual NCA. A percepción da efectividade é positiva cando o profesorado fai unha regulación dos papeis que corresponden a cada alumno. En ocasións, con todo, os alumnos con dificultades educativas poden recibir unha presión excesiva por parte dos seus compañeiros.
- Programas de mellora das habilidades sociais, educación emocional e autoestima, resolución de conflitos, prevención en condutas de risco, etc. insertos no PAT (Plan de Acción Titorial): “Educación emocional”. A avaliación feita polos titores, consultados os alumnos, é positiva.
- Colaboración coas forzas de seguridade (Plan Director) na aplicación de programas preventivos sobre acoso escolar, ciberacoso e outros temas de risco xuvenil.

3.2.7. Actuacións formativas en materia de convivencia escolar.

- **Profesorado.** No plan de formación de profesorado e na planificación de reunións de profesores deben figurar explicitamente os temas de convivencia. A lexislación de xaneiro de 2025 obriga a que o claustro poida aportar propostas ao plan de convivencia e que participe na súa avaliación ao final do curso.
- **Alumnado.** Na formación do alumnado, a convivencia trátase curricularmente en todas as áreas e especialmente en aquelas como relixión e ciencias sociais e na programación de titoría e nas reflexións da mañá.
- **Familias.** Nas reunións cos titores o tema convivencial será un dos temas preferentes de comunicación. Por outra parte, a programación de Conferencias da ANPA sempre ten un dos seus focos na cuestión convivencial (nos últimos anos programaron actividades de acordo coa UMAD e co Plan Director).
- **PAS.** Nas reunións de PAS co E.D. insistirase nos deberes deste colectivo con respecto á convivencia.

3.2.8. Programa para alumnos/as con medidas de non asistencia á aula/recreo.

A aqueles alumnos con condutas disruptivas recollidas no RRI, aos que corresponda aplicarlles segundo o mesmo Regulamento unha medida de non asistencia á aula, asignaráselles un plan de modificación de conduta, ademais da realización dos traballos académicos que debería estar desenvolvendo na aula durante a súa ausencia. Este plan distinguirá, no referido ás actividades propostas, entre alumnos reincidentes e aqueles que cometen unha falta por primeira vez; no

primeiro caso farase un seguimento individualizado que pode constar no seu expediente educativo. Farase rexistro de faltas a efectos de reiteración.

Normalmente a detección de conflitos faise a través da observación de titores, profesores, orientador ou demais persoal en todos os espazos do centro, tanto en tempo da clase como do recreo, de entrada e saída ou actividades extraescolares. O que non exclúe que noutras ocasións sexan os propios alumnos quen o comenten aos seus profesores ou a outros. Tamén se utilizan métodos de nominación directa en algúns cursos nos que se producen recomposición de grupos e se utilizan sociogramas, aplicados nos niveis nos que se aplican probas psicométricas.

Os casos deben poñerse en coñecemento do xefe de estudos e a dirección do centro para decidir a sanción correspondente (nas faltas graves é o instrutor quen fai a proposta) e, en conversa co departamento de orientación, as actividades a realizar dentro do programa de modificación de conduta, tendo en consideración os feitos, o Carácter Propio do Centro e o RRI, así como a situación familiar, escolar e psicolóxica do alumno. En ocasións é preciso recoller información complementaria a través de entrevistas a alumnos ou a persoal docente do centro.

Considerarase a permanencia no centro cando a falta implica non asistencia á clases, sobre todo nos casos nos que os menores non puidesen contar con supervisión fóra deste. Durante o tempo de non asistencia o alumno deberá desenvolver as distintas actividades de modificación de conduta ademais das actividades académicas que se deberían estar a desenvolver na aula.

Nos casos nos que a reiteración de condutas disruptivas sexa patente, o programa de modificación terá, como mínimo os seguintes pasos protocolarios:

1. Entrevista co alumno, da que quedará rexistro.
2. Determinación das necesidades de modificación de conduta e socioemocionais.
3. Actividades que se recomendan para este alumno. As actividades deben ter, cando menos, en parte, carácter escrito.
4. Entrevista coa familia do alumno para establecer pautas comúns do Colexio e os pais.
5. Entrevista de seguimento co alumno e avaliación da eficacia do programa.
6. Rexistro dos pasos anteriores.

Ademais, nestes casos, o orientador, co coñecemento da familia, pódese poñer en contacto con servizos ou organismos exteriores ao centro como a UMAD, a Unidade de Saúde Mental Infantil-Xuvenil, o equipo UACO ou os Servizos Sociais, segundo as necesidades.

3.2.9. Programa para os alumnos sen parte do recreo.

Os alumnos que, como consecuencia do incumprimento dunha norma recollida no RRI, queden sen parte do recreo, levarán a cabo un traballo que consistirá en actividades de reflexión sobre os dereitos e deberes como alumno e como cidadán.

3.2.10. Aula de convivencia.

No noso centro non usaremos aula de convivencia e os alumnos que non son expulsados do Centro e non poidan estar momentaneamente na aula estarán baixo a vixilancia dun xefe de estudos.

3.2.11. Programa de mediación entre iguais para alumnos.

1. ¿Cando levala a cabo?:

Indícase para conflitos nos que non se transgredisen normas da lexislación xeral ou da específica de ensinanza (abusos sexuais, violencia...) que impliquen un delito. En ningún caso se substituirá a autoridade do colexio. Non pode haber desequilibrio de poder nas partes a mediar.

2. Beneficios da mediación:

Os beneficios da mediación danse nas dúas partes en conflito, pasando por un proceso de responsabilización das súas propias actitudes; tamén toma conciencia das consecuencias dos seus actos sobre terceiros, estando obrigado a reflexionar e a facer un exercicio introspectivo..

Ademais, ambas partes verán beneficios en canto á comunicación, favorecendo as relacións positivas entre os membros da comunidade educativa e servindo de base para conflitos futuros. Mellorarase o clima escolar e axudarase a lograr a formación integral do alumnado.

3. Elección do mediador:

Os titores do nivel, sempre baixo a supervisión do Departamento de Orientación, serán os encargados de seleccionar na reunión inicial a unha persoa mediadora por curso, que debe ser en todo caso **voluntaria**. Habitualmente, será o mediador do curso seguinte a aquel no que se dá o conflito o encargado de mediar neste, debido a que é preciso unha distancia coas partes. Esta persoa debe ser imparcial e neutra; débense considerar as súas habilidades sociais así como a dispoñibilidade horaria, a súa aceptación social, o nivel de autoestima e a súa capacidade de diálogo así como solidariedade. Ademais, debe recibir unha formación previa, durante as primeiras semanas do curso, en xestión de conflitos.

4. Pasos a seguir:

- a) É necesario que as partes do conflito estean dispostas a ser mediadas e que acepten á persoa mediadora. Recoméndase non intervir xusto no momento do conflito, senón 48-72h despois deste.
- b) Débese analizar se é posible levar a cabo a mediación tendo en conta os aspectos mencionados no apartado 1.

- c) O terceiro paso consiste en explicar a ambas partes os obxectivos da mediación e o papel que ten cada unha delas e do mediador. Débense comunicar as normas básicas para o diálogo, que as partes deben aceptar, e entender a voluntariedade do proceso. Tamén deben coñecer a importancia da confidencialidade, a necesidade de cooperación e chegar a un acordo sobre o tempo e o lugar, así como sobre a duración prevista.
- d) Unha vez comezado o proceso, cada parte debe explicar a súa posición e opinións, así como as emocións e sentimentos ao respecto. O mediador debe escoitar activamente e tratar de identificar os problemas implicados. Debe crear un clima positivo, evitar xulgar, prestar atención á relación e favorecer o diálogo respectando os silencios.
- e) A continuación son as partes as que deben identificar o problema, intentando buscar unha visión consensuada por parte do mediador. Son importantes as reformulacións.
- f) Na seguinte fase proporanse por parte dos implicados varias solucións ao conflito, utilizando por exemplo a tormenta de ideas; non se deben tomar decisións, senón propoñer opcións. Debemos responder a: canto está disposto cada parte a ceder?
- g) A continuación valóranse as propostas previas, analizando vantaxes e inconvenientes, buscando un acordo equilibrado, realista, concreto (detallando as distintas accións) e facelo por escrito de forma clara. Debe ser avaliable e cada unha das partes terá unha copia deste.
- h) É posible facer un seguimento mediante a verificación dos distintos acordos.

3.3. Concreción en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

3.3.1. Actuacións de convivencia (engadidas ás relacionadas anteriormente):

- Posta en marcha do o Plan de Convivencia do curso:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunións de traballo de: Equipo Directivo. Comisión de Convivencia.	Equipo Directivo. Comisión de Convivencia. Claustro de profesores. Persoa Coordinadora de Benestar	Plan de Convivencia. RRI. Lexislación.	Todo o centro.

- Análise e debate do RRI:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
---------------	--------------	----------	---------------

Reunión de Equipo Directivo (interpretando as suxestión do claustro de profesores). Reunión de Consello Escolar.	Equipo Directivo. Consello Escolar.	RRI. Carácter Propio.	Todo o centro.
---	--	--------------------------	----------------

- Coordinación de actuacións co Plan Director Para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e as súas contornas:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunión de Equipo Directivo. Comunicación de Departamento de Orientación. Reunión ANPA.	Xefes de Estudo. Orientador (envío da solicitude) Responsable policial. ANPA	Proposta do Plan Director.	Alumnos e Pais.

- Revisión das normas positivas que se publican na aula:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunión de profesores de nivel. Reunión de titor e alumnos.	Profesores. Titores. Alumnos (no que ten que ver co plan de clase)	Normas do curso anterior. RRI	Alumnos de cada aula.

- Sensibilización e responsabilización dos alumnos da súa propia convivencia:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Creación na titoría dunha Comisión de Convivencia nas aulas de 5º e 6º de Primaria e a ESO . Abordarase ao longo de calquera incidencia puntual que afecte á convivencia do centro.	Titores.	PAT.	Alumnos de cada aula.

- Organización das reunións do Consello de Delegados de Alumnos:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunión de todos os delegados de ESO e Bach.	Xefaturas de Estudos.	Calendario de actividades.	Delegados de alumnos.

Convocados polas Xefaturas de Estudos			
---------------------------------------	--	--	--

- Revisión de protocolos académicos e de convivencia. Entrega aos profesores dunha copia dos protocolos aprobados:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunións de traballo de CCP. Reunión de profesores.	CCP. Coordinador de Benestar e de Convivencia. Xefes de estudos	Protocolos académicos e de convivencia.	Profesores.

- Estímulo das relacións interpersoais entre os alumnos e favorecer o coñecemento e respecto mutuo:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Traballo en grupo cooperativo en distintas materias.	CCP. Titores e profesores.	Narrativas.	Alumnos.

- Ensinar aos alumnos educación emocional, habilidades sociais e estratexias de resolución de conflitos:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Titorías cos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato. Currículo transversal. Programa de prevención en saúde mental YAM	Equipos de nivel. Titores e profesores. Responsables do programa	PAT Unidades didácticas específicas. Materiais aportados polas consellerías de educación e sanidade	Alumnos.

- Potenciar determinadas condutas positivas nos alumnos para lograr unha boa convivencia no centro:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Celebración da Semana de Educación pola Paz e a Non Violencia. Celebración dos Dereitos Humanos.	Titores. Equipo Pastoral.	PAT. Plan de Pastoral.	Alumnos.

- Ter un rexistro da evolución da convivencia no centro:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Presentar un informe trimestral de incidencias de convivencia para a Comisión de Convivencia.	Xefaturas de infantil e primaria. Xefaturas de secundaria e bacharelato.	Rexistros de Sallenet. Rexistro de apertura de procedementos.	Comisión de Convivencia

- Evitar conflitos de convivencia potenciais na elaboración de grupos novos:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Aplicación de instrumentos de nominación entre iguais e/ou sociométricos para a recomposición de grupos.	Orientadores. Xefes de Estudos.	Cuestionarios sociométricos	Alumnos de 5ºEP ata 1º de ESO

- Avaliar o Plan de Convivencia e propoñer actuacións de mellora:

PROCEDEMENTOS	RESPONSABLES	RECURSOS	DESTINATARIOS
Reunión de traballo. Análise dos indicadores	Comisión de Convivencia. Claustro de profesores	Avaliacións específicas de actividades Informes trimestrais	Todo o Centro.

4. Procedemento de seguemento do PC

O plan de convivencia será seguido polos membros da Comisión de Convivencia ao longo de todo o curso. A orde do día da reunión da Comisión de Convivencia incluírá sempre o seguemento do Plan de Convivencia. O claustro de profesores fará propostas e avaliación do plan. A persoa coordinadora de benestar fará un seguimento continuo dos indicadores.

5. Procedemento de avaliación e mellora do PC

A avaliación do Plan será continua. As xefaturas de estudos en infantil e primaria, secundaria e bacharelato serán as encargadas de facer o reconto de incidencias e enviar o número total de faltas de asistencia, retrasos e condutas que se consideraron merecedoras de sanción á persoa coordinadora de benestar e convivencia e á Comisión de Convivencia que avaliará a marcha xeral do plan e fará a avaliación anual cando termine o curso e propondrá as modificacións que considere necesarias para o curso seguinte (tendo en conta as propostas do claustro de profesores).

Os aspectos a ter en conta serán:

- A consecución dos obxectivos.
- As dificultades que se encontraron. A análise de cantidade e tipo de incidencias.
- Conclusións.

As modificacións precisas nas normas de convivencia e, en xeral, as propostas de mellora para o Plan de Convivencia.

6. Estratexias para realizar a comunicación e a difusión do PC

O Plan de Convivencia estará compartido en Drive con permiso para editar para todos os membros de Comisión de Convivencia que poderán facer as propostas dos seus representados, cun color fixo, en calquera momento.

O Plan de Convivencia aprobado polo Consello Escolar estará a disposición de todos os membros do Consello Escolar e dos xefes de estudo.

Nas xornadas de inicio de curso facilitaráselle ao profesorado, en formato dixital, o plan para que poida aportar propostas.

O Plan de Convivencia estará en Secretaría para que poida ser consultado por todas as persoas relacionadas co Colexio.

7. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar

O centro acóllese ao Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso editado en educonvives.gal sen outras adaptacións que as xa mencionadas no propio protocolo para un centro concertado.

7.1. Concrecións do protocolo no noso centro

Na adaptación ao noso contexto hai que ter en conta as peculiaridades nas normas de organización e funcionamento que se recollen no RRI e que motivan as seguintes precisións na primeira fase do proceso: *Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.*

O resto das fases seguirán o protocolo xeral:

F1. Identificación da situación. Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha

situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun profesor ou profesora, do titor ou titora, da persoa responsable da orientación ou a algún membro do equipo directivo. Se non quere ser identificado pode utilizar o **Punto Laranxa**. En calquera caso, o receptor da información sempre informará á xefatura de estudos correspondente e á dirección do centro.

F2. Actuacións inmediatas. Cando nun alumno ou alumna se atopen indicadores que poidan reflectir algunha sospeita ou evidencia de acoso escolar, establecerase a seguinte actuación: Reunión do **equipo ACAE** para determinar a fase de investigación. Nestes casos o prazo máximo para este período de información previa será de sete días lectivos, contados desde que a dirección reciba a comunicación da presunta situación de acoso ou ciberacoso escolar. En caso de que o estime necesario, a Xefatura de Estudos, previamente a esta reunión, adoptará as medidas provisionais de urxencia que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións.

F3. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima. A dirección designará unha persoa con esa función. A lei establece que debe ser unha persoa na que teña confianza pero tamén que debe ter a formación necesaria polo que, en principio, as persoas nas que pode recaer esa designación son o titor/a ou un profesor distinto no que o alumno teña confianza. Esta designación, caso de non ser o titor, quedará recollida no documento correspondente.

F4. Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado. A primeira comunicación, telefónica será ordinariamente a do titor dos alumnos. Despois se producirá a comunicación escrita segundo os modelos do procedemento xeral ou do protocolo.

F5. Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación. A dirección pode nomear a calquera profesor como responsable da tramitación. De forma ordinaria a persoa responsable da tramitación será o titor da presunta vítima. En calquera caso, o responsable debe ser moi dilixente na tramitación, xa que un posible expediente disciplinario ten que resolverse en menos de doce días lectivos desde o remate da fase de información previa (que a súa vez ten un tempo máximo de 7 días). O nomeamento da persoa responsable debe quedar recollido no documento do procedemento xeral ou do protocolo.

F6. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos. Na reunión mencionada no apartado F2 ou posteriormente a ela, con permiso da dirección do centro, decidírase se é positivo buscar a comunicación con determinados axentes externos.

8. Normas de convivencia do centro. Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa con respecto á convivencia escolar

As funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa están descritos no RRI do centro.

No caso dos profesores, os protocolos de actuación acordados son revisados anualmente pola CCP e os propios profesores. Os dereitos e deberes e condutas sancionables están recollidas no Convenio Colectivo.

Ao respecto dos alumnos, serán de aplicación os dereitos e deberes dos alumnos recollidos na lexislación así como as concrecións recollidas no RRI e nas normas de clase.

As funcións do Equipo Directivo e do Consello Escolar son as establecidas no RRI.

As funcións da persoa coordinadora do benestar e a convivencia están definidas na LEI 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O incumprimento dos deberes dos membros da comunidade educativa, ou dificultar que outros membros poidan gozar dos seus dereitos serán considerados como condutas contrarias á convivencia.

As súas correccións faranse de acordo co establecido no decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e do resto da lexislación xa mencionada no apartado 1.

9. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no decreto en desenvolvemento da lei 4/2011 e decreto 8/2015, de 8 de xaneiro. Demais normativa que sexa de aplicación

Poden consultarse no RRI do Colexio na súa paxina web.

10. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación

A comisión de convivencia do centro constitúese no seo do Consello Escolar cumprindo as condicións establecidas polo DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A comisión de convivencia debe contar cun representante dos pais, dos alumnos, dos profesores, dos PAS e un representante do titular do centro. Debe estar en continuo contacto coas Xefaturas de Estudos, o DO, a persoa encargada de benestar e convivencia e coa Dirección. Esta constitúese a proposta dos representantes do Consello Escolar e é ratificada polo director; a principio de curso deben discutir o Plan de Convivencia en base aos estudos previamente realizados, as propostas de mellora da memoria do curso anterior e á información, relativa ás incidencias na convivencia, recollida no curso anterior.

A comisión reunirse en datas que estea convocada unha reunión ordinaria do Consello Escolar. Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. É obrigatorio que se reúna unha vez ao inicio do curso para informar o Plan de Convivencia e outra ao final de curso para realizar a avaliación final e propor as melloras que considere necesarias para o curso seguinte.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

11. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos da contorna.

A Comisión de Convivencia manterá os mecanismos de coordinación obrigatorios cos órganos de goberno do Colexio e estes coa administración educativa. Ademais diso, manterá relacións fluídas, a través do Departamento de Orientación e as Xefaturas de Estudos co Plan Director, cos organismos dedicados á prevención e tratamento de adiccións, cos profesionais de saúde mental e cos centros adscritos e outros centros de procedencia dos alumnos.



PLAN DE CONVIVENCIA (PC)
COLEXIO LA SALLE

2025-26

Revisado pola Comisión de Convivencia do centro no 24-25
Pendente de adscrición ao Programa Centros Seguros de Referencia de UNICEF (decembro 2025)
e posterior presentación ao Consello Escolar (xaneiro 2026)